

DOMINGO 3 CORESMA Ciclo B
PRIMEIRA

Ex 20, 1-17

A lei foi dada por medio de Moisés (Xn 1, 17)

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DO ÉXODO

O Señor pronunciou estas palabras:

- "Eu son o Señor, o teu Deus, que te saquei da terra de Exipto, da condición de escravitude.

Non terás xunto comigo outros deuses.

Non farás para ti imaxes nin figura ningunha do que hai enriba no ceo, nin abaixo na terra, nin nas augas de debaixo da terra. Non te prostrarás diante delas nin as adorarás, pois eu, o Señor teu Deus, son un Deus celoso. No caso dos que me aborrecen, eu castigo os pecados dos pais nos fillos, nos netos e nos bisnetos. Pero no caso dos que me aman e gardan os meus preceptos, eu mostro misericordia por todas as xeracións.

Non pronunciarás en van o nome do Señor o teu Deus, pois o Señor non deixa sen castigo ao que pronuncia en van o seu nome.

Pensa no día do sábado, para o faceres día santo. Traballarás seis días na semana, e neles farás a túa tarefa. Pero o día sétimo é sábado, adicado ao Señor o teu Deus. Nel non farás traballo ningún, nin ti, nin o teu fillo, nin a túa filla, nin o teu servo, nin a túa serva, nin o teu gando, nin o forasteiro que habite nas túas cidades. Porque o Señor fixo en seis días o ceo, a terra, o mar e todo o que hai neles, e no sétimo día descansou. Por iso mesmo bendiciu o Señor o día do sábado e declarouno día santo.

Honra a teu pai e a túa nai, para que a túa vida sexa longa na terra que o Señor teu Deus che dá.

Non matarás.

Non cometerás adulterio.

Non roubarás.

Non darás un testemuño falso contra o teu próximo.

Non cobizarás a casa do teu próximo: nin a súa muller, nin o seu escravo, nin a súa escrava, nin o seu boi, nin o seu xumento, nin nada de canto é seu".

SALMO RESP. Sal 18, 8. 9. 10. 11

R/ Xn 6, 68c): Señor, ti tes palabras de vida eterna

A lei do Señor é perfecta:

reconforta a alma;

a declaración do Señor é firme:

fai sabio ao inxenuo;

os mandatos do Señor son rectos:

aledan o corazón;

o precepto do Señor é limpo:

ilumina os ollos;

o temor do Señor é puro:

permanece por sempre;

as decisións do Señor son verdadeiras:

enteiramente xustas.

Son máis cobizables có ouro

máis có metal precioso;

son máis doces có mel,

máis có zume da antera.

SEGUNDA

1 Cor 1, 22-25

Predicamos a Cristo crucificado, escándalo para os homes, pero sabedoría para os chamados por Deus

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA
NA PRIMEIRA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS CORINTIOS**

Irmáns e irmás:

Os xudeus piden signos e os gregos buscan a sabedoría; pero nós predicamos un Mesías crucificado: e isto para os xudeus é un escándalo e para os pagáns é unha loucura. Pero para os chamados, tanto xudeus coma gregos, el é Cristo, marabilla do poder e da sabedoría de Deus. Porque a loucura de Deus é máis sabia que toda a sabedoría dos homes e a debilidade de Deus é máis forte que toda a fortaleza dos homes.

DOMINGO 3 CORESMA Ciclo B

EVANXEO

Xn 2, 13-25

Destruíde este templo e en tres días heino restablecer

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Estaba a chegar a Pascua dos xudeus e subiu Xesús a Xerusalén. Atopou no templo os que vendían bois, ovellas e pombas e mailos cambistas, sentados; foi el e fixo un vergallo con cordas de xunco, botounos a todos fóra do templo e as ovellas e os bois tamén; guindou cos cartos e virou as mesas dos cambistas; e aos que vendían as pombas, díxolles:

- Arredádeme de aquí estas cousas, non fagades da casa do meu Pai unha casa de negocio.

Lembráronse os seus discípulos de que estaba escrito: "O celo da túa casa devórame".

Pola súa parte, os xudeus preguntáronlle:

- Que sinal nos mostras, para faceres estes feitos?

Respondeulles Xesús:

- Derrubade este templo e erguereino en tres días.

Replicáronlle os xudeus:

- Corenta e seis anos levou edificar este templo, e halo erguer ti en tres días?

Pero el dicíao referíndose ao templo do seu corpo. Cando se ergueu de entre os mortos, lembraron os seus discípulos o que dixera e creron na Escritura e no dito de Xesús.

Estando Xesús en Xerusalén pola festa da Pascua, moitos creron nel, vendo os signos que facía. Pero, pola súa parte, Xesús non se fiaba deles, porque os coñecía a todos. Non precisaba de que ninguén lle dese informacións de ninguén, que ben coñecía el o que había no home.